


eriac



**OLIMPIADAS DE RELACIONES
LABORALES Y RECURSOS HUMANOS**



Índice de contenido

I.	OBJECTIVOS DAS OLIMPÍADAS DE ERLAC.....	3
II.	BASES DAS OLIMPIADAS DE ERLAC	3
1.	INSCRIPCIÓN NAS OLIMPIADAS.....	3
1.1.	Quén pode participar?	4
1.2.	Onde inscribirse?.....	4
1.3.	Prazo de Inscripción	4
2.	CELEBRACIÓN DAS OLIMPIADAS DE ERLAC.....	4
2.1	Temario das probas.....	4
2.2	Celebración das Probas	5
2.2.1	Data e hora de celebración das olimpíadas	5
2.2.2	Lugar de realización das olimpíadas.....	5
2.2.3	Estructura das probas	6
2.2.4	Resultado das probas	7
2.3	Dotación e Entrega de Premios.....	7
2.3.1	Dotación de Premios	7
2.3.1.1	Premios individuais	7
2.3.1.2	Premio a Centros.....	8
2.3.2	Lugar e data de entrega de premios	8
III.	COMISIÓN ORGANIZADORA DAS OLIMPÍADAS DE RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS.....	8
1.	MEMBROS DA COMISIÓN ORGANIZADORA.....	8
2.	FUNCIÓNS DA COMISIÓN ORGANIZADORA.....	8
IV.	OUTROS REQUISITOS PARA PARTICIPAR.....	9



A Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais e Recursos Humanos da Coruña (ERLAC) convoca por primeira vez neste curso 2017-2018 un concurso académico e educativo dirixido ao alumnado dos centros de bacharelato e ciclos formativos de grao superior. Este concurso denomínase “Olimpiadas de Relacións Laborais e Recursos Humanos de ERLAC” e está previsto que teña unha periodicidade anual, sendo a súa finalidade de promover e divulgar os estudos universitarios de Relacións Laborais e Recursos Humanos que se imparten en ERLAC entre os novos estudantes da nosa Comunidade.

I. OBXECTIVOS DAS OLIMPIADAS DE ERLAC

- Establecer canles de comunicación entre ERLAC (universidade) e os centros que imparten estudos de ensinos medios e ciclos formativos de grao superior.
- Promover o achegamento entre os ensinos medios e postobligatorias e a Universidade.
- Crear un espazo de colaboración entre os centros de ensinos medios e ciclos formativos con ERLAC.
- Dar a coñecer aos e as estudantes dos devanditos centros os estudos universitarios de Relacións Laborais e Recursos Humanos a través da participación no evento.
- Premiar o esforzo e a excelencia académica do estudantado de ensinos medios e ciclos formativos de grao superior.

II. BASES DAS OLIMPIADAS DE ERLAC

Este certame é un concurso académico e educativo cuxo obxectivo é promover o coñecemento dos estudos de Relacións Laborais e Recursos Humanos entre os e as mozas galegas. A Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña será a encargada de organizar e publicar a convocatoria anual das Olimpiadas.

O proceso de participación dos centros educativos terá as seguintes fases:

1. Publicitar e divulgar por parte de ERLAC a convocatoria anual entre os centros.
2. Inscripción dos centros nos prazos e datas establecidas na convocatoria de ERLAC.
3. Celebración das Olimpiadas.
4. Comunicación de gañadores.
5. Dotación e entrega de Premios.

1. INSCRICIÓN NAS OLIMPIADAS

Para participar na Olimpiada será obrigatoria a inscrición que en todo caso é GRATUÍTA.

A participación nas olimpiadas será individual. O alumnado participante estará a cargo dun profesor ou profesora do centro onde cursan os seus estudos.



No caso de que o estudante sexa menor de idade, o ou a proxenitora ou representante legal deberá aceptar por escrito a cesión de dereitos de imaxe. A publicación de fotos do seu fillo/para tomadas nas actividades organizadas durante a Olimpíada poderán incorporarse á web de ERLAC e/ou en todas aquelas redes sociais vinculadas con ERLAC, e noutros medios nos que se divulgue a Olimpíada. (anexo: cesión dereito de imaxe).

1.1. Quén pode participar?

Poderá participar o alumnado de bacharelato (primeiro e segundo de bacharelato) e de ciclos formativos de grao superior, de centros públicos, concertados e privados de **toda a Comunidade Autónoma de Galicia**, que estea matriculado durante o curso académico de celebración das Olimpíadas nas materias de Bacharelato e ciclos Formativos de Grao Superior sobre as que tratarán as probas.

1.2. Onde inscribirse?

O alumnado interesado en inscribirse nas Olimpíadas deberá cumprimentar a folla de inscrición, que atopará na nosa páxina Web www.erlac.es

A folla de inscrición deberá estar asinada polo alumno/a e o profesor ou profesora dalgunha das materias sinaladas no apartado 2 destas bases e acompañarase, en caso de minoría de idade, da autorización do pai, nai ou titor legal.

1.3. Prazo de Inscrición

O prazo de inscrición **finaliza ás 14:00 horas do xoves 22 de marzo de 2018.**

2. CELEBRACIÓN DAS OLIMPIADAS DE ERLAC

2.1 Temario das probas

O temario das probas será o establecido no programa dos estudos de Bacharelato oficial e Ciclos de Grao Superior oficiais. A continuación especifícanse as materias sobre as que tratarán as probas das Olimpíadas.

Serán obxecto de avaliación as seguintes **materias de Bacharelato:**

MATERIAS DE BACHARELATO
Historia de España
Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais
Economía da Empresa
Tecnoloxía da Información e da Comunicación
Xeografía

Serán obxecto de avaliación as seguintes **materias de Ciclos de Grao Superior**:

MATERIAS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR
FOL
Informática básica
Xestión de Recursos Humanos
Economía

As probas incluirán preguntas dos programas das materias arriba indicadas, aínda que a Comisión Organizadora, poderá, por razóns de datas, excluír algún dos temas, previa advertencia e información xeral.

2.2 Celebración das Probas

As probas serán anónimas, facilitarase ao alumnado participante un código que utilizará nas Olimpíadas.

As probas versarán sobre os contidos do temario obxecto de avaliación.

Realizaranse dúas probas diferentes, unha para o alumnado que cursa Bacharelato e outra para o alumnado que cursa Ciclo de Grao Superior.

As probas realizaranse de maneira simultánea. Sendo a data, hora, lugar e estrutura da proba igual para ambos os grupos.

A dotación de premios é a mesma para os dous grupos de alumnos (Bacharelato, CGS). Desta maneira contaremos con tres alumnos/alumnas clasificadas de Bacharelato e tres alumnos/alumnas clasificadas de Ciclos de Grao Superior.

2.2.1 Data e hora de celebración das olimpíadas

As olimpíadas celebraranse **o sábado 7 de abril de 2018 e a súa hora de comezo será ás 10:00 h.**

2.2.2 Lugar de realización das olimpíadas

As probas realizaranse en ERLAC (Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña) situada na Rúa Leopoldo Ás Clarín S/n (á beira do Instituto Puga Ramón, na Milagrosa), na Coruña.

2.2.3 Estrutura das probas

As olimpíada estrutúrase en 2 exercicios: un exercicio tipo test e un comentario de texto. Na táboa seguinte detállase a estrutura, criterios de avaliación, puntuación e duración de cada exercicio.

PROBAS	EXERCICIO TIPO TEST	COMENTARIO DE TEXTO
Estrutura	<p>Este exercicio constará de 50 preguntas. Engadiranse 5 preguntas de reserva. O test será de 4 ítems e só unha resposta será correcta.</p> <p>As preguntas tipo Test serán de contido teórico y se corresponderán a los coñecementos básicos de temas especificados en el temario.</p>	<p>O Comentario de texto versará sobre un tema de actualidade. A comisión da Olimpíada elixirá unha temática relacionada cos temas obxecto da Olimpíada, procurando que versen sobre cuestións de actualidade afíns ao mundo laboral, económico e da empresa.</p>
Criterios de Avaliación	<p>Este exercicio será eliminatorio: só poderán pasar á seguinte proba (Comentario de Texto) o alumnado que supere esta proba obtendo un total mínimo de 25 puntos de acordo co seguinte baremo:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cada resposta correcta contará 1 punto. • Cada erro restará 0.50 puntos. • As preguntas non contestadas (en branco) nin sumarán nin restarán. 	<p>Para a corrección do Comentario de Texto valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de análise e síntese do contido do texto mediante a elaboración dun resumo e/ou esquema do mesmo. • Comentario crítico sobre o contido do texto. • Capacidade expresiva do alumnado. • Ortografía correcta: uso adecuado de grafías, taches e signos de puntuación, emprego xusto de maiúsculas e minúsculas,... • Propiedade léxica e riqueza de vocabulario e o seu uso correcto no contexto que se está utilizando. • A corrección sintáctica: concordancia nominal e verbal; réxime preposicional... • Teranse en conta, por último, os aspectos formais de presentación (pulcritude, división en apartados ou epígrafes....)
Puntuación	<p>Puntuación Total: Máximo 50 pts. Mínimo 25 pts.</p>	<p>Puntuación Total: 10 pts Máximo.</p>
Duración	<p>1 hora</p>	<p>1 hora</p>
<p>Entre a primeira proba (exercicio tipo test) e a segunda proba (comentarios de texto) haberá un descanso. Tras o descanso comunicarase aos resultados do primeiro exercicio. Ao ser unha proba eliminatoria poderán realizar o segundo exercicio todo o alumnado que conseguise polo menos 25 puntos no exercicio tipo test.</p>		

As probas serán correxidas de forma anónima.

A máxima puntuación que se poderá obter na proba de comentario é de 10 puntos.

Os resultados da corrección serán inapelables. No caso de que ningún participante superase o exercicio tipo Test os tres primeiros premios declararíanse desertos.

Tamén poderían declararse desertos a juicio de la Comisión Organizadora de forma excepcional y razonada, los tres Primeros Premios sino reúnen un mínimo de calidad en el comentario de texto.

2.2.4 Resultado das probas

Os resultados da proba e entrega de premios faranse en sesión pública. A comunicación dos resultados transmitirase aos centros correspondentes.

Os resultados aparecerán publicados na web de ERLAC www.erlac.es, así como nos medios de comunicación en papel e radio (radio CUAC-FM. Programa “Dentro dunha Orde”).

Os resultados publicaranse **máximo 15 días hábiles despois da realización da proba.**

2.3 Dotación e Entrega de Premios

2.3.1 Dotación de Premios

2.3.1.1 Premios individuais

Os premios aos e as gañadoras consistirán en:

- Premio ao primeiro ou primeira clasificada en cada unha das modalidades (bacharelato/FP)

Unha Tablet e lote de libros.

- Premio ao segundo e terceiro clasificados en cada unha das modalidades ((bacharelato/FP)

Un lote de libros.

- Así mesmo Premios aos tres Primeiros Clasificados/as:

Diploma de Participación e desconto no prezo de matrícula de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos de ERLAC da Coruña, tal e como se especifica a continuación:

- **Primeiro clasificado: 50%** de desconto no prezo da matrícula do primeiro curso de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Coruña.
- **Segundo clasificado: 40%** de desconto no prezo da matrícula do primeiro curso de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Coruña.
- **Terceiro clasificado: 30%** de desconto no prezo da matrícula do primeiro curso de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Coruña.

Así mesmo todo o alumnado que participe na proba terá unha bonificación do 10% de desconto no prezo da matrícula do primeiro curso de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Coruña.



2.3.1.2 Premio a Centros

Para poder acceder a este premio deberán presentarse polo menos tres alumnos/ as do centro.

Outorgaráselle premio ao centro que presente o mellor equipo (determinarase o mellor equipo calculando a media máis alta (cualificacións máis altas no test e na proba de Comentario de texto) dos 3 alumnos/alumnas presentados por cada un dos centros.

O premio consistirá nunha sesión formativa no centro para determinar cuxa temática poderá tratar sobre Coaching Educativo, loga, Mindfulness...

2.3.2 Lugar e data de entrega de premios

Os premios entregaranse no Acto de Gradación dos alumnos que finalizan os seus estudos universitarios e que neste curso terá lugar **no Paraninfo da Universidade da Coruña situado na Maestranza da Coruña o 15 de xuño de 2018.**

III. COMISIÓN ORGANIZADORA DAS OLIMPIADAS DE RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

1. MEMBROS DA COMISIÓN ORGANIZADORA

A Comisión Organizadora estará presidida polo Decano de ERLAC, D. Jesús Vázquez Forno. Forman así mesmo parte da Comisión Organizadora os seguintes expertos de ERLAC:

Dna. María Romaní de Gabriel
Dna. María Luisa Fernández Colín
Dna. Mercedes Cobián Casal
Dna. Cristina Faraldo Cabana
D. Luis Bermúdez Rioboo
Dna. Carmen Figueira Cernadas
Dna. Teresa Reigosa Varela

2. FUNCIONS DA COMISIÓN ORGANIZADORA

- Organizar anualmente las Olimpiadas
- Organizar anualmente as Olimpíadas
- Comunicar aos centros de ensinos medios e ciclos formativos de grao superior a convocatoria do certame
- Diseñar as probas evaluativas
- Xestionar as inscricións
- Establecer a clasificación dos e as participantes
- Avaliar as probas correspondentes
- Determinar a clasificación
- Comunicar aos centros os resultados e publicar a listaxe dos mesmos



IV. OUTROS REQUISITOS PARA PARTICIPAR

A participación na presente convocatoria implica a aceptación íntegra das súas bases e a decisión inapelable da comisión organizadora, á que corresponderá resolver calquera continxencia non prevista nesta convocatoria. A interpretación das bases será exclusiva da comisión das olimpíadas de ERLAC.